

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 31 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede a nomear e facer pública a composición do tribunal que xulgará a proba de acreditación do coñecemento da lingua castelá nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de Educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 4 de abril de 2016 (Diario Oficial de Galicia do 19 de abril), e pola que se fai pública a data, a hora e o lugar en que se realizará a proba de acreditación do coñecemento da lingua castelá nos citados procedementos selectivos.

En cumprimento do sinalado na base sétima da Orde do 4 de abril de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* do 19 de abril) pola que se convocaban os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de Educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Nomear o tribunal que deberá xulgar a proba de acreditación do coñecemento da lingua castelá nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de Educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, que se inclúe no anexo desta resolución.

Segundo. Indicar a data, a hora e o lugar en que se realizará a citada proba:

Data: 18 de xuño de 2016.

Hora: ás 10.00 horas.

Lugar: IES As Fontiñas, rúa de Estocolmo, 5, Santiago de Compostela (A Coruña).



Terceiro. Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros do tribunal que necesiten desprazarse para o exercicio de tal función, e teñen dereito a percibir as axudas e gastos de viaxe de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xullo), e deberá entenderse que queda expresamente autorizado o uso de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2016

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros y Recursos Humanos

ANEXO

590053-Lingua e literatura castelá.

Tribunal único.

Posto	NIF	Apelidos e nome
Titulares:		
Presidenta titular	09710482C	Fournol Marcos, María Teresa
Vogal titular 1	36072116C	Rodríguez Gil, Israel
Vogal titular 2	76821348Z	Vidal Salomón, Marta
Vogal titular 3	32779884P	Gundín Vázquez, José Luis
Vogal titular 4	32834993D	Lois Paz, Ana
Suplentes:		
Presidenta suplente	36056836N	González Sestelo, María Soledad
Vogal suplente 1	32781386S	Iglesias Pereira, Juan
Vogal suplente 2	33804685K	Díaz Lozano, María Fe
Vogal suplente 3	11935293H	Guerreira Fernández, Carlos
Vogal suplente 4	34984930K	Losada Romero, Paloma

